



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: JMCA

Expediente núm. 2021/E001/00004

### DECRETO DA CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, INDUSTRIA E EMPREGO

#### ANTECEDENTES DE FEITO

Mediante o Decreto 687/2021, do 13 de abril, acordouse o nomeamento de persoal funcionario interino interino (peóns), para a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes durante o exercicio 2021 (PEL-CONCELLOS-REACTIVA 2021).

A citada resolución determinou o persoal a incluír na primeira e na segunda quendas. Esta última principiará o 1 de agosto do presente ano.

O aspirante Carlos Bellas Picos resultou incluído na segunda das quendas coa condición de que superase a proba de galego, que quedou pendente por causa de forza maior (enfermidade), do interesado.

Segundo a acta do tribunal de data 30/04/2021, o indicado aspirante superou o exercicio de lingua galega.

Por esta razón, procede ratificar o nomeamento do aspirante e efectuar as oportunas publicacións.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A competencia orixinaria para ditar a presente resolución correspóndelle á persoa titular da Alcaldía, por mor do disposto no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Porén, a través do Decreto da Alcaldía núm. 993/2019, do 24 de xuño (BOP núm. 121, do 28/06/2019), tal atribución, entre outras, foi delegada na concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego.

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

1. **Ratificar o nomeamento** de **Carlos Bellas Picos** efectuado mediante o Decreto 687/2021, do 13 de abril e mais a súa inclusión na segunda quenda de incorporación ao servizo.
2. **Publicar** a presente resolución no taboleiro de anuncios electrónico municipal (taboleiro electrónico: <https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>) e na páxina web municipal.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpor potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas



## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: JMCA

(LPACAP). Se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lles teña notificado a resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo, e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, a contar desde o día seguinte ao daquel no que se producise a desestimación presunta. Se o recurso de reposición foi resolto expresamente o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interposto ante o Xulgado correspondente do Contencioso-administrativo, efectuando a persoa demandante a elección que lle permite o artigo 14,1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA).

Malia a anterior, poderá impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da LPACAP). Para tal efecto poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-administrativo que corresponda, a teor da elección permitida á persoa demandante polo artigo 14.1, regra segunda, da meritada Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpor calquera outro recurso que estime procedente ou conveniente.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura electrónica á marxe indicada